

# Un chamamento ás mulleres galegas

Ás nosas irmáns galegas dirixímoslle un saúdo e ao mesmo tempo as animamos e rogamos que lean con amor ista carta e pensen un pouco nos seus párrafos.

Sabemos que son moitas as donas galegas que teñen falado da nosa decisión ao orgaizare en Ourense un Grupo Femenino Galeguista e algunhas teñen loubado a nosa boa idea. ¿Por qué non vos xuntades, como nós o temos feito, se levades dentro ise anxeio que sentimos as donas galegas de poder vivir n-unha Terra ceibe, que hoxe está enlixada pol-a ambición de xentes que non sinten coma nós, nin falan como nós, nin n-ela disfroutan como nós, porque a descoñen e nos caloñan e persiguen sen nos escoitare? ¿Cecais teñen medo de que as convezamos? Pode ser. Certamentes, son un impedimento pr'as nosas arelas que son ben fidalgas e desintresadas.

Por iso, ousamos dar iste paso coa seguranza de que non vos demoraredes en seguire o noso eixemplo, formando un Grupo Femenino, e, podendo, con meirande número de afiliadas que eiquí. Somos arredor de medio cento na cibdade e sabemos que se están orgaizando outros Grupos nos pobos da comarca.

¡Adiante, mulleres patriotas da nosa Terra. Todo por Galiza, sen importavós que comentarán os vosos aitos e que poidan censurarvos. Como se trata de traballar pol-a nosa Patria, podedes levar a fronte ergueita e por elo sentiredevos orgullosas ao igual das vosas irmáns de Ourense. Adiante, ¡TERRA A NOSA!

A Presidenta,  
*Celia Bouza*

A Segredaria,  
*Mercedes do Campo*

**Aplazamen**

O estado  
Goberno ce  
ñer un com  
que sobor d  
Comité Exe  
pol-o Conse

**Seicións d**

Imposibil  
lar a labour  
Segredaria  
aos nosos C  
dal-as súas  
proselitism  
que teñan  
ción dos irr  
dade e con  
n-ela as no

Ista ideia  
algúns Gru  
pol-a súa ir  
ción de toc

**Folla mure**

A Segre  
todol-os G